

No Peirao



decembro
2004

VOCEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE RIBEIRA

Máis de cento vinte millóns gastados a dedo

O PP gasta sen control, nin aprobación previa, 748.390 euros

COIDADIÑO, QUE SON CARTOS DE TODOS/AS

O Goberno do PP, capitaneado por Torres, aprobou no Pleno do 25 de outubro unha modificación de crédito por valor de 748.389,91 euros (máis de 124 millóns de pesetas) para facer fronte a pagamentos relativos a obras, traballos e servizos feitos no ano 2003! Se é grave que esas actuacións foran realizadas sen ningún tipo de fiscalización previa, sen que os gastos foran previamente aprobados, **precisamente en ano electoral**, máis grave é que moitos deses traballos "imprevistos" non foran licitados publicamente conforme á lei, saltándose así os principios de publicidade, transparencia e libre concorrència.

Dominga Brión:

"vostedes contratan cando, como e a quen queren"

O BNG rexeitou no pleno ese acordo porque consideramos que este non é xeito de xestionar os cartos públicos. Unha chea deses traballos eran perfectamente previsibles, e polo tanto deberan ser recolleitos no orzamento anual..., pero claro, dese xeito non se pode manxonear nin pagar favores electorais.

Teñamos en conta que, segundo a normativa vixente, é obrigatoria a licitación pública no caso de servizos por máis de 12.000 € e obras que superen os



30.000 €. Pois ben, o goberno do PP pagou un servizo de transporte de 26.000 € en pequenas facturas independentes para non ter que levar a adxudicación a concurso público. Outra actuación normal neste concello é adxudicar obras –hai casos concretos de 112.133 € e outras por máis de 82.835 €– sen sacalas a concurso público, ou sexa, a puro dedo.

Como ben dixo a voceira do Bloque Nacionalista Galego, **Dominga Brión** no Pleno Municipal, "señor Alcalde: vostedes contratan cando queren, como queren e a quen queren".

O BNG inicia unha campaña de recollida de sinaturas para reclamar a **Mellora do Servizo de Correos** no Concello de Ribeira. Demandamos o incremento do persoal para que o reparto sexa diario tal e como se recolle na normativa vixente, a dotación de estafetas en todas as parroquias e melloras nas instalacións do edificio de Correos e Telégrafos de Ribeira. Presentamos iniciativas tanto no Concello como no Parlamento do Estado.



RESPECTO POR GALIZA

"¿Cal é a conta de resultados da súa xestión? Tres palabras abundan para sintetizalo: quince anos perdidos."

(X. M. Beiras: Discurso do debate do estado da Nación. Outubro 2004.)

Decembro 89 / Decembro 04

**15 ANOS DE GOBERNO DO PP
15 ANOS PERDIDOS**

Parque eólico singular para quen?

POR QUE NON MUNICIPAL? O goberno do Concello de Ribeira pretende conceder a instalación e xestión dun parque eólico de 3 Mw nos Forcados a unha empresa privada por unha ínfima participación nos beneficios da empresa. A proposta do Bloque Nacionalista Galego para facer unha explotación enerxética pública, que redundaría no beneficio de todos e todas, foi rexeitada pola maioría absoluta –absolutamente inútil– do PP. **Quen vai sacar beneficio do chan público desta vez?**



De todos é sabido o auxe que está a ter o aproveitamento da enerxía eólica (muíños de vento). Moitas empresas do sector enerxético, e doutros, afánanse neste negocio en auxe. Mesmo algúns concellos galegos, vendo as posibilidades de obter importantes ingresos económicos, solicitaron parques de xestión municipal ou mixta.

Pois ben, o goberno do Concello de Ribeira pretende conceder a instalación e xestión dun parque eólico de 3 Mw nos Forcados a unha empresa privada por unha ínfima participación –5%– nos beneficios. Para quen descoñeza a rendibilidade dun parque destas características non estaría de máis facer algunhas contas.

Dominga Brión, en nome do Bloque Nacionalista Galego, propuxo reiteradamente que o Concello xestionase o parque de forma directa, ou cando menos mixta, co que os ingresos serían moi superiores aos que proporciona a simple xestión privada e por riba redundaría en todos e todas nós. A concesión é por 40 anos. Tendo en conta que a amortización do investimento se acadaría en 8 anos, estaríamos regalando durante 32 anos 488.160 euros anuais á empresa, dos que só 24.400 euros serían para o Concello.

Por que o grupo de Goberno renuncia á xestión municipal a sa- bendas de que está a perder cartos?

Nós témolo claro: por falla de capacidade, de compromiso político e/ou intereses escuros.

O concello deixa voar máis de quince millóns de euros

O PP piratea iniciativas do BNG

O PP SEN IDEAS PROPIAS O BNG presentou o 12 de febreiro unha iniciativa solicitando que “se dotara ao Departamento de Urbanismo dos medios materiais e humanos (arquitecto e equipo técnico) necesarios para un funcionamento óptimo”. O 26 de abril esta iniciativa debateuse en Pleno e o PP votou en contra alegando que “estamos niso”, “xa o temos previsto nos orzamentos”. A día de hoxe, **¡Ribeira segue sen Arquitecto municipal!** e co escaso cadro de persoal de sempre. Se o tiñan previsto, como é posible que aínda esteamos nesta situación caótica no Departamento de Urbanismo?

Tamén, o BNG presentou dúas moções: unha solicitando a posta en marcha dun **Programa de Prevención do Absentismo escolar** (17/9/2004) e outra demandando unha **Área de Lecer ou Polígono de Ocio** (18/9/2004). Logo de varios meses sen resposta o grupo de Goberno presenta “a bombo e platillo”, uns días despois de ter aparecido as iniciativas do BNG na prensa, dúas importantes “novidades”: que promoverá ja creación dun polígono de ocio! e ¡un programa contra o absentismo escolar!

A cidadanía de Ribeira sabe da falla de ideas e iniciativas deste Goberno pero neste caso chegan descaradamente ó plaxio... en fin, a ver se polo menos son quen de levalas a cabo. Por certo, se queren ideas, temos moitas máis.



Algunhas licencias de obra tardan anos en concederse.

DATOS TÉCNICOS		PRODUCCIÓN ESTIMADA	
POTENCIA: (2 muíños x 1,5 Mw)	3 Mw (3.000 Kw/h)	FACTURACIÓN BRUTA ANUAL ESTIMADA	3.000 Kw/h x 8 h. x 365 días x 0,066 €/Kw/h = 578.160 €/ano
PREZO DO KW/H:	0,066 €	FACTURACIÓN NETA ANUAL ESTIMADA	578.160 € - 90.000 € = 488.160 €
HORAS DE VENTO ANUAIS:	2.920 horas	APORTACIÓN ANUAL AO CONCELLO (5%)	24.408 €
GASTOS: (persoal, mantemento, seguros)	90.000 €	BENEFICIO PARA A EMPRESA EN 32 ANOS	32 x 488.160 € = 15,62 millóns de €
INVERSIÓN TOTAL:	3.606.072 €	Cunha xestión mixta na que o concello tivera o 51% do capital, os beneficios durante o mesmo período serían de 7,96 millóns de €	
TEMPO DE EXPLOTACIÓN: (concesión)	40 anos		
AMORTIZACIÓN DA INVERSIÓN:	8 anos		
CANON ANUAL AO CONCELLO:	5%		

Casa de dona Adela incompetencia ou gato encerrado?

DEFENDENDO O POUCO PATRIMONIO QUE NOS QUEDA O Bloque de Ribeira, por medio da súa voceira municipal, **Dominga Brión**, dirixiuse repetidamente tanto ao *Alcalde* como á *Dirección Xeral de Patrimonio* e á *Delegada Provincial de Patrimonio* esixindo firmemente o cumpri-

mento da normativa urbanística e instando á rehabilitación do edificio e/ou á súa compra polo Concello para uso público. Dominga Brión advertiulle ao Alcalde Torres que, de non se cumprir escrupulosamente a lei, o BNG está mesmo disposto a denunciar os feitos perante a Fiscalía.

A cidadanía de Ribeira sabe ben do deterioro sufrido polo noso patrimonio urbano nos últimos anos. É un feito habitual a perda de edificios singulares polo abandono que sofren por parte de quen ten a obriga de protexelos: o goberno municipal. Isto é o que acontece co edificio coñecido como Casa de Dona Adela. Vexamos:

O 24/06/2004 o pleno do Concello aproba por unanimidade que o Alcalde faga as xestións oportunas de cara á adquisición deste inmovible. Facendo caso omiso do acordo, o Alcalde, uns días despois, remítelle a Consellaría de Cultura un Decreto co obxecto de declarar o inmovible en estado de ruína. Seis meses máis tarde, o Alcalde, que non movera un dedo para a protección do edificio, envía un membro do Goberno Municipal, acompañado por un representante da empresa inmobiliaria e da Policía Local, para proceder ao desaloxo da tenda de efectos navais situada no baixo do inmovible recorrendo a ameazas e á intimidación contra a súa propietaria e demais persoas que




alí había, como nos mellores tempos do “ordeno, mando”. Esta actuación foi totalmente ilegal, como quedou claramente demostrado ao non autorizar a xuíza en dúas ocasións o desaloxo.

A mobilización veciñal, que contou co apoio do BNG en todo momento, foi vi-

tal para evitar que o Concello consentise a actuación da empresa inmobiliaria sen ningún control por parte de Patrimonio como é perceptivo por tratarse dun edificio catalogado co grao de máxima protección no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM).

CAPTURAS DE AMEIXA EN RIBEIRA NOS ÚLTIMOS 4 ANOS



Quedamos sen ameixas

A AMEIXA EN PERIGO Aínda que o BNG xa advertira logo do *Prestige* que, como en desastres anteriores, as capturas de diferentes especies ían minguar, o descenso no caso da ameixa é alarmante nos bancos da Arousa e especialmente en Ribeira.

A Consellaría de Pesca, con *incompetencias* plenas en marisqueo, no canto de buscar as causas e as solucións a tan brutal descenso, responsabiliza aos mariñeiros por “non limparen” os bancos e non toma ningunha medida que axude ao sector, que sofre unha enorme perda de ingresos e postos de traballo e que afecta á economía de todo o Concello. Algúns biólogos da

Xunta, extraoficialmente, afirman que o descenso está, “*sen dúbida relacionado co desastre do Prestige*”. O Bloque propuxo que tanto nos Orzamentos do Estado como nos da Xunta se recollan partidas de axuda ao sector e para a recuperación dos bancos.

O BNG ten presentado iniciativas, tanto no Concello como no Parlamento galego e no do Estado, demandando solucións a un problema moi grave para un sector tan importante da nosa economía. **O BNG xa conseguira derrogar no Congreso dos Deputados un decreto do anterior goberno que obrigaba aos mariñeiros a renunciar a axudas por danos futuros derivados do *Prestige*.**





POR UN NOVO ESTATUTO DE NACIÓN PARA GALIZA

Coa participación de **Encarna Otero**, da Executiva Nacional, da voceira municipal **Dominga Brión** e de **Xosé Luís Groveiro**, do Consello Local, preto dun cento de persoas asistiron en Ribeira a un acto cívico do BNG onde se presentou a campaña **Foro Cívico por un Novo Estatuto para Galiza**. Integran este Foro persoeiros relevantes da sociedade galega e está aberto a toda a cidadanía que queira participar coas súas ideas. O Foro presentará a finais de ano unha achega para a elaboración do novo Estatuto de Nación para Galiza que será a base de actuación do BNG para que nun futuro próximo o país libere dunha vez por todas as súas potencialidades.

• **PARTICIPA EN:** www.novoestatuto.com

FALA CON QUIN

Xa está operativo no web nacional do BNG (www.bng-galiza.org) o **Fío Directo con Anxo Quintana**. O voceiro nacional recibirá as vosas misivas electrónicas e o seu compromiso é o de contestar todas e cada unha delas. Tan só hai que entrar na páxina e premer no baner **FALA CON QUIN**.



15 ANOS DE GOBERNO DO PP, 15 ANOS PERDIDOS

O BNG presentou a finais de outubro a campaña *15 anos de goberno do PP, 15 anos perdidos*, unha exposición itinerante instalada nunha carpa que percorrerá todas as cidades e todas as vilas cabeceiras de comarca de Galiza. Ribeira xa puido comprobar o resultado no seu *Malecón* o pasado mes.

O obxectivo é explicarlle á cidadanía que significaron eses 15 anos de goberno do PP, que para o Bloque Nacionalista Galego **arroxan un balanço moi afastado “do país das marabillas” que se debuxa dende o Executivo de Manuel Fraga**. Cos datos extraídos das estatísticas oficiais a imaxe real reflicte unha Galiza cos sectores produtivos “aniquilados”, en regresión demográfica, con precariedade laboral, destrución dos ecosistemas e “deterioro” dos servizos públicos e das liberdades democráticas. “É o resultado da forma de gobernar do PP, que só entende de clientelismo e de modos autoritarios e prepotentes”.

25 DE NOVEMBRO DÍA INTERNACIONAL DA NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

O BNG organizou con motivo deste día unha charla-coloquio na que interviron **Ana Pontón**, deputada no Parlamento galego; **Ana Rúa**, responsábel da Comisión Nacional da Área da Muller e **Ana Álvarez**, responsábel comarcal da Muller. Preto de cen persoas escoitaron de primeira man as propostas políticas do BNG na área de violencia de xénero.

Entre as máis salientables están: a ampliación do número de casas de acollida e a súa xestión por parte dos concellos; a creación dun programa específico de in-

serción laboral; garantir a asistencia psicolóxica e a defensa xurídica das vítimas; a xeneralización de bolsas para alugueiro; o aumento dos pisos tutelados (só hai tres en Galicia); a creación dun teléfono de atención 24 horas; a especialización dos corpos de seguridade... O BNG presentou unha iniciativa no Concello de Ribeira para demandar estas medidas.

NOVAS BREVES, MAIS IMPORTANTES

OBRAS NO GRUPO O BNG presentou sendas iniciativas diante do **Concello** e o **Parlamento Galego** demandando a axilización das obras no CEIP O Grupo. Denunciamos a falla de previsión da Consellaría de Educación que provoca continuos retrasos no comezo do curso co prexuízo que isto supón para a comunidade educativa.

RESIDENCIA DO MAIOR O Bloque Nacionalista Galego instou ao Goberno Municipal e ao Parlamento Galego a interesarse polas causas que provocaban as denuncias públicas sobre o funcionamento da Residencia do Maior de Ribeira. O BNG considera que a residencia debe ter unha supervisión e funcionamento que non lles deixe dúbidas aos/ás usuarios/as e aos/ás seus/súas familiares.

CHEIROS EN RIBEIRA Grazas á mobilización veciñal, apoiada sen reservas polo BNG, estanse a levar a cabo as obras para unha nova canalización dos verquidos do polígono de Xarás, co obxectivo de paliar os cheiros pestilentos que afectan a unha boa parte de Ribeira, situación que foi calificada polo *Seprona* como de **posíbel delito contra a saúde pública**. Pero para acadar un resultado óptimo, deberán depurarse os verquidos tal como establece o Regulamento, que máis dun ano despois da súa entrada en vigor o goberno do PP aínda segue sen aplicar.

O BNG segue a loitar por resolver outra asignatura pendente, a do traslado da fábrica de Corrubedo para o polígono industrial, como vén demandando a propia Plataforma Medioambiental de Corrubedo, sen que o goberno do PP soubera, ata o de agora, darlle solución.

